

PROTOCOLO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO SERVIZO DE COMEDOR DO CEIP JOAQUÍN RODRÍGUEZ OTERO

NORMATIVA

- Decreto 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias de educación.
- Instrución 2/2024, da secretaría xeral técnica da consellería de cultura, educación, formación profesional e universidades do 1 de xuño, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión indirecta no curso escolar 2024-2025.
- Orde do 12 de abril de 2024 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2024/25.

DESCRICIÓN DO SERVIZO

Este servizo educativo ten un carácter complementario, compensatorio e social, especialmente destinado a garantir a efectividade da educación obrigatoria dentro dos principios de igualdade, en especial entre homes e mulleres, e solidariedade.

Modalidade de prestación do servizo

Xestión indirecta da consellería competente en materia de educación, mediante a contratación con empresarios individuais ou empresas de restauración da elaboración dos menús, o seu transporte ,así como o servizo ás mesas, a atención do alumnado comensal , a limpeza do comedor e desenvolver o programa de promoción da saúde, promoción de hábitos alimentarios saudables e desenvolvemento dos hábitos persoais do alumnado .

Categoría do comedor escolar: TIPO A.

Prezo público do comedor escolar: En función da renda , seguindo as Instrucións anuais fixadas pola Consellería.

Organización, administración e xestión económica

A contratación da xestión do servizo de comedor escolar efectuaráase a citada Consellería, de acordo coas condicións previstas na normativa de aplicación. A organización e administración do comedor escolar corresponde á comunidade educativa do centro , representada polo Consello Escolar.

O persoal de atención ao alumnado no servizo de comedor virá determinado pola empresa concesionaria do servizo, atendendo ás condicións do contrato suscrito entre a Consellería e a empresa concesionaria.

Usuarios

- a) Todo o alumnado do centro, correspondendo ao consello escolar do centro a selección e admisión nos casos en que o número de solicitudes supere o de prazas dispoñibles, o tempo que se procurará a ampliación do comedor acorde coas demandas existentes.
- b) O persoal encargado da atención ao alumnado usuario do comedor, independentemente da súa categoría e relación de emprego.
- c) O profesorado e persoal non docente do centro que solicite o servizo, sempre que existan prazas vacantes, e se dispoña de persoal colaborador suficiente para a atención ao alumnado.

ORDE DE PREFERENCIA

A selección e admisión de usuarios do servizo de comedor, cando existan máis solicitudes que prazas dispoñibles, correspóndelle ao consello escolar do centro de acordo á lexislación vixente.

No taboleiro de anuncios expoñerá a listaxe provisoria de admitidos e de suplentes, respectando estritamente a seguinte **orde de preferencia:**

1. Alumnado usuario do servizo de comedor no curso escolar anterior, salvo que variase substancialmente o criterio polo cal fose admitido.
2. Alumnado usuario lexítimo do servizo de transporte escolar.
3. Agás no caso de alumnado escolarizado voluntariamente en centros fóra de zona, ter un/unha irmán ou irmá que vaia continuar matriculado no centro para o curso que solicite o servizo e sexa usuario do comedor no momento de formalizar a solicitude.
4. Alumnado en situación socioeconómica desfavorable ou que teña unha discapacidade igual ou superior ao 33%, certificado polos servizos sociais do concello que corresponda.
5. Alumnado membro de familias numerosas, ou monoparentais , acreditado mediante certificación.
6. Alumnado, fillos de pais e nais traballadores con incompatibilidade demostrada dos seus horarios laborais co horario de saída do seu fillo/a ao mediodía.
7. Outro alumnado do centro.
8. Persoal docente e non docente que preste servizos no centro.

Aquel alumnado con alerxias ou intolerancias alimentarias deberán ser admitido nas mesmas condicións de igualdade que todos os demais no que atinxe aos criterios de preferencia anteriormente descritos.

En relación coas listaxes provisorias de admitidos e suplentes, os/as interesados/as poderán presentar as alegacións que coiden oportunas ante o consello escolar do centro no prazo de cinco días hábiles, contados a partir da data de publicación da citada listaxe.

PROCEDIMENTO DE AUTODECLARACIÓN DOS PREZOS PÚBLICOS POLA UTILIZACIÓN DO COMEDOR ESCOLAR

Seguirase o recollido nas Instrucións anuais da Secretaría Xeral da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional sobre

funcionamento dos comedores escolares (instrución 2/2024, da secretaría xeral técnica da consellería de cultura, educación, formación profesional e universidades do 1 de xuño, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión indirecta no curso escolar 2024/2025)

ESTRUTURA E CARACTERÍSTICAS DOS PREZOS PÚBLICOS DO COMEDOR ESCOLAR

Suxeitos obrigados ao pagamento das tarifas

Estarán obrigadas ao pagamento das tarifas pola prestación do servizo de comedor, en base ao disposto no artigo 13 do Decreto 132/2013:

- a) Os pais, nais, titores legais, en nome e por conta do alumnado usuario, agás que teñan dereito á gratuidade total do servizo de comedor.
- b) As restantes persoas usuarias do comedor escolar segundo sinalado no citado Decreto, agás que teñan dereito á gratuidade total do servizo de comedor.

Contías dos prezos públicos

Axustarase ao recollido nas Instrucións anuais da Secretaría Xeral da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional sobre funcionamento dos comedores escolares.

Usuarios gratuítos do servizo

Segundo establece o artigo 11 do Decreto 132/2013 , serán usuarios gratuítos do servizo de comedor os seguintes:

- Os alumnos pertencentes a unidades familiares que se atopen en situación socioeconómica de exclusión social certificada polos servizos sociais autonómicos ou municipais correspondentes.
- Os alumnos que se atopen en situación de acollemento residencial ou familiar.



- Os alumnos cun grado de discapacidade declarado igual ou superior ao 33%.
- Os alumnos pertencentes a unidades familiares vítimas de terrorismo ou de violencia de xénero acreditada documentalmente.
- Os alumnos pertencentes a unidades familiares cunha renda familiar anual neta per cápita inferior a 7.000 €.
- O persoal de cociña durante os días de desempeño efectivo do seu traballo
- Os coidadores, educadores e auxiliares de enfermería que, durante o xantar e os períodos de tempo anterior e posterior ao mesmo, atendan aos alumnos de educación especial, no tempo de desempeño efectivo do seu traballo no comedor escolar.
- O persoal funcionario e laboral da Xunta de Galicia destinado nos centros de ensino con responsabilidades na organización dos comedores escolares ou no coidado dos alumnos comensais, durante os días de asistencia efectiva ao comedor. Nos casos nos que tal labor se realice de xeito discontinuo e existan prazas vacantes dentro do máximo das autorizadas no comedor, o persoal do centro, estando as necesidades de colaboración cubertas, deberá aboar o prezo do servizo cando non colabore no comedor,
- Os pais, nais, titores legais e acolledores familiares de alumnos matriculados en ensinanza básica e segundo ciclo de educación infantil que colaboren na atención dos alumnos comensais exclusivamente durante os días concretos en que se desenvolva a súa colaboración efectiva.

Pagamento dos prezos públicos

A Consellería aboaralle o servizo de comedor á entidade mercantil que o preste, sen prexuízo de que tales aboamentos se vexan completados coas cantidades que deberán aboar en concepto de presos privados os usuarios

que non sexan beneficiarios da gratuidade total ou parcial do servizo. O pagamento destes presos privados producirase mensualmente.

O importe que os usuarios deberán aboar resultará de multiplicar os prezos correspondentes polo número efectivo de días de uso do comedor cada mes.

Os usuarios deberán comunicarlle de xeito acreditable aos centros de ensino os días que non vaian facer uso do comedor antes das 09:45 do día da ausencia.

Consecuencias da falta de pagamento dos prezos públicos

Os centros deberán verificar que os usuarios xustifiquen os pagamentos, toda vez que a falta de abono do importe do servizo por parte dos usuarios será causa de perda da praza de comedor por acordo do Consello Escolar do centro.

Os incumprimentos no pagamento dos prezos públicos de cada mes impedirán a utilización ao mes seguinte do comedor escolar, mentres non se proceda á oportuna regularización dos pagamentos, para a cal contarase cun prazo máximo de 2 meses.

De non avisar da ausencia o comedor en tres ocasións , o usuario perderá o seu dereito de uso do comedor durante 10 días.

FUNCIÓNS

CONSELLO ESCOLAR

- Propoñer á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, a través da delegación provincial correspondente, a solicitude de apertura , ampliación e funcionamento do servizo de comedor escolar.
- Aprobar dentro da normativa vixente un protocolo propio que recollerá as directrices de organización e funcionamento do servizo de comedor

escolar, así como o seu seguimento e avaliación durante o curso escolar.

Este protocolo será parte integrante do regulamento orgánico do centro.

- Decidir sobre a admisión do alumnado usuario, de acordo cos criterios de prioridade establecidos.
- Aprobar o plan anual de comedor que desenvolverá alumnado que utilice o servizo de comedor escolar.

DIRECTOR

- Elaborar co equipo directivo, e de acordo coa comisión do servizo de comedor, o protocolo de funcionamento do servizo de comedor escolar, como parte integrante da programación xeral anual do centro.
- Dirixir e coordinar o servizo de comedor escolar.
- Supervisar o correcto funcionamento do servizo de comedor prestado polo centro. Controlará a correcta execución dos contratos, comunicando , con exactitude e no máis breve prazo posible, as irregularidades ou deficiencias que observen na execución do servizo, indicando as circunstancias que concorran e achegando os medios probatorios de que se dispoñan.
- Coordinar, vixiar e supervisar as tarefas do persoal que preste servizos no comedor escolar.
- Levar un control dos usuarios, referido ás persoas e días que fan uso do servizo , a través da aplicación habilitada para tal fin.
- Facilitar os menús mensuais aos pais logo da comunicación dos mesmos por parte da empresa concesionaria.
- Elaborará a finais de curso unha memoria final sobre o funcionamento do servizo que se someterá a informe do claustro para posteriormente ser aprobada ou non polo Consello Escolar.
- A comezos do curso escolar o director facilitará ao persoal do servizo de comedor:



- O protocolo de organización e funcionamento do servizo, dándolles unha explicación sobre os mesmos e clarexando as dúbidas que poidan xurdir.
- Unha listaxe coa relación do alumnado que fai uso do mesmo na cal figurarán, entre outros: o nome dos pais, enderezo e número de teléfono.

PERSOAL DE COMEDOR

- Organizar a entrada e saída ordenada dos alumnos, controlando que realicen unha hixienización correcta.
- Animar a comer aos nenos inapetentes.
- Se algún alumno/a debера tomar medicación no horario de comedor o pai/nai deberá presentar o medicamento xunto co certificado médico e as instrucións de toma do mesmo. Serán a encargada , de xeito voluntario, a responsable de subministrar dita medicación.
- Preocuparse de que:
 - Os alumnos/as utilicen correctamente os cubertos (culler, garfo e coitelo) ensinándolles a usalos e axudándolles aos nenos/as de infantil, se fose preciso.
 - Igualmente ensinará e controlará que o alumnado siga unhas normas e hábitos básicos na mesa (uso correcto dos cubertos e pano de mesa , estar ben sentados na mesa, non tirar a comida, non falar alto, non falar nin beber coa boca chea, etc)
 - Coidará que os alumnos tomen o seu alimento dun xeito apropiado, procurando que coma do 1º prato, 2º prato e sobremesa. Pero terase en conta aqueles casos puntuais e excepcionais no que o alumno se atope enfermo ou con malestar.
 - Informar o director/mestre delegado das condutas inaxeitadas por parte do alumnado e aquelas que alteren o bo funcionamento do servizo.



- Informar o director/mestre delegado , daqueles casos en que reiteradamente algún alumno non coma unha cantidade axeitada a súa idade.
- Atender as actividades programadas para o tempo de recreo do servizo de comedor.

NORMAS DE COMPORTAMENTO DOS ALUMNOS

- Os alumnos terán en todas as circunstancias un comportamento axeitado e acatarán as instrucións do persoal do comedor e do resto de persoal do centro.
- Cada alumno debe ocupar o sitio que lle sexa asignado, só o cambiara si o persoal de comedor llo indica.
- Unha vez no sitio que lles corresponde o alumnado debe permanecer sentado. Ante calquera necesidade, levantarán a man para que o persoal do comedor o poida atender.
- Hai que procurar comer todo o que se serve, non pedir máis do que se vaia comer.
- Non tirarán comida nin desperdicios ao chan.
- Procurarán falar o máis baixo posible, evitando berrar.
- Non poderán saír do comedor con comida, permanecendo no comedor ata que o persoal do comedor lle permita saír.
- Finalizar o xantar no tempo prudencial indicado para elo . A reiteración na non finalización do xantar no tempo establecido será considerado un comportamento non axeitado .
- Antes de entrar ao comedor todos deben asearse e procurar facer uso do servizo, para evitar levantarse da mesa.
- Non se pode abandonar o colexio sen que unha persoa adulta se faga cargo do alumno/a e sexa autorizado polo persoal do comedor ou director.

- Cando un alumno presente un comportamento desaxeitado, dentro do comedor, poderanse adoptar as seguintes medidas:
 - Apercibimento verbal.
 - Permanencia o finalizar o xantar baixo a supervisión do director/mestre delegado.
 - Cando esta ultima medida se teña que adoptar mais de dúas veces nunha semana procederase a informar o titor que convocará aos pais a unha xuntanza na cal se abordará dita situación.

ELABORACIÓN DE MENÚS E DIETA EQUILIBRADA

A Secretaría Xeral da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional promoverá, por si mesma ou por medio de convenios, a publicación e envío aos centros de protocolos ou guías relativas ás necesidades nutricionais do alumnado, o valor calórico dos nutrientes e as características gastronómicas de cada estación do ano, elaboradas e/ou supervisadas por persoal experto en nutrición e dietética.

O alumnado do centro que teña algún tipo de **intolerancia ou alerxia alimentaria medicamente documentada** disporá dun menú adecuado ás súas necesidades. Estes menús serán proporcionados pola empresa adxudicataria do servizo de entre os aprobados pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional. Se os pais e as nais o prefiren, o centro facilitará os medios necesarios para a conservación, en quente ou frío, do menú proporcionado pola familia para o seu consumo polo/a alumno/a respectivo/a.

Coa finalidade de que as familias poidan completar o réxime alimenticio dos seus fillos e fillas, de acordo cos criterios dunha alimentación saudable e equilibrada, a programación dos menús expoñerase no taboleiro de anuncios do centro e darase a coñecer aos pais e nais do alumnado usuario do comedor escolar.

NORMATIVA E MEDIDAS DE SEGURANZA E HIXIENE

Todos os comedores escolares deberán cumprir as exixencias establecidas no Real decreto 2207/1995, do 28 de decembro, polo que se establecen as normas de hixiene relativas aos produtos alimenticios, o Real decreto 3484/2000, do 29 de decembro, polo que se establecen as normas de hixiene para a elaboración, distribución e comercio das comidas preparadas, e o Real decreto 202/2000, do 11 de febreiro, sobre manipuladores de alimentos, así como as demais disposicións legais vixentes en materia de comedores colectivos.

De acordo coa normativa vixente está prohibido o consumo de bebidas alcohólicas e tabaco nos centros educativos e, polo tanto, nas instalacións onde se presta o servizo de comedor escolar.

Antes de comezar o curso escolar, o director ou directora do centro dará as instrucións oportunas para que se revisen todas as instalacións de cociña, almacenamento, rede eléctrica e tomas de auga , así como a desinsectación e desinfección dos locais e utensilios de cociña, despensas, almacén e comedor.

AVALIACIÓN E SEGUIMENTO

Na **memoria final de curso** incluírase unha parte sobre o funcionamento do servizo de comedor escolar, así como as propostas de mellora que se coiden convenientes, que será obxecto de coñecemento e valoración do consello escolar.